



Sistema de Xestión da Calidade dos Conservatorios Profesionais de Música e de Danza de Galicia

MD51LID02

Política de Calidade

Versión	Modificación	Data
01	Recodificación	01/09/2017
02	Actualización	03/09/2018

ELABORADO: Asesoría da calidade da rede dos CMUS/CDAN de Galicia		REVISADO: Responsable de Calidade da rede dos CMUS/CDAN de Galicia		APROBADO: Dirección da rede dos CMUS/CDAN de Galicia	
Rosa Gao Sánchez		Álvaro Ariño Roure		Juan Durán Alonso	
Data	01/09/2015	Data	05/09/2015	Data	05/09/2015





Política da Calidade

Os **Conservatorios de Música e de Danza da Comunidade Autónoma de Galicia** definiron a calidade como parte fundamental da súa política e da súa estratexia, e adoptaron un sistema de xestión baseado na calidade como modelo de referencia para a xestión da Institución. Este sistema de aseguramento da calidade está baseado na Norma UNE-EN ISO 9001:2015.

Estes centros adoptaron a calidade como unha filosofía de actuación que se identifica coas seguintes directrices:

- O traballo ben feito e a mellora continua das nosas actividades, dos servizos que prestamos e dos procesos de traballo.
- A aportación de valor ao alumnado, as familias, ao profesorado e ao persoal do centro, escoitando a súa voz e procurando satisfacer as súas expectativas.
- A adopción de metodoloxías de traballo baseadas na cultura da evidencia, a xestión a partir de datos e a disciplina do traballo en equipo.
- A xestión dos procesos orientada á mellora continua mediante a planificación, o desenvolvemento e a revisión e mellora dos mesmos.
- A mellora dos resultados definindo os indicadores e obxectivos, e avaliando o nivel de logro dos mesmos.
- Requisitos:
 - Implícitos, explícitos, do cliente, regulamentarios e os propios da nosa organización.

Estas directrices despréganse a través dos seguintes procesos e proxectos:

- Mantemento dun sistema da calidade segundo UNE-EN ISO 9001:2015.
- Medición e análise periódico da satisfacción de clientes.
- Revisión do sistema da calidade e actualización periódica de procesos.
- Auditorías internas e externas do sistema da calidade.

Así mesmo, despréganse nos Obxectivos de Calidade a través da formulación e o cumprimento dos mesmos. Os obxectivos dos **Conservatorios de Música e de Danza** serán computables e medibles a través de indicadores; todos eles constitúen os obxectivos da calidade. O grao de cumprimento será avaliado periodicamente.

O compromiso coa calidade afecta a toda a organización. Todas as persoas dos **Conservatorios de Música e de Danza** aceptan este compromiso e a súa responsabilidade no cumprimento dos requisitos establecidos no Sistema de Xestión da Calidade, así como de participar activamente na mellora da calidade e da xestión, e no logro dos obxectivos institucionais.

As Direccións dos **Conservatorios de Música e de Danza** facilitarán os medios e a formación necesarios para o desenvolvemento con éxito das actividades.

